# EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

## EXERCICIO 1

Completa o seguinte cadro establecendo unha comparación entre a gandería española dos anos 50 e da actualidade.

| | GANDERÍA ANOS 50 | GANDERÍA ACTUAL |
|---|---|---|
| **CARÁCTER PREDOMINANTE INTENSIVO/ EXTENSIVO** | | |
| **CABEZAS DE GANDO** | | |
| **RAZAS** | | |
| **TRANSHUMANCIA** | | |
| **DESENVOLVEMENTO TÉCNICO** | | |
| **INTEGRACIÓN COA AGRICULTURA** | | |
| **APORTE Á PRODUCIÓN FINAL AGRARIA** | | |
| **MAN DE OBRA** | | |

## EXERCICIO 2

Completa os ocos do seguinte texto:

1.-As explotacións están organizadas en ---------- que son ----------

----------que poden ser ---------- ou ----------.

2.- A propiedade é un ---------- que fai referencia ----------

----------. Existen grandes contrastes entre os ---------- que

son grandes propiedades rurais con máis de 100 ha. e os minifundios que ----------

----------, de menos de 10 ha.

3.-O ----------explica a relación que existe entre ----------

e ---------- da terra. Distinguimos dous tipos de tenzas: ----------

as terras son traballadas polos propios donos ou por asalariados. ----------

--------- e aquela na que propietario e traballador coinciden. O primeiro cédelle ao

segundo as terras a cambio ---------- da colleita: ----------

-------- ou polo pago dunha ---------- determinada: ----------

## EXERCICIO 3

Resposta ás seguintes cuestións:

1. Que é a acuicultura?
2. Cales son as Comunidades Autónomas que teñen maior potencial acuícola?
3. Por que España é considerada na actualidade unha potencia pesqueira de segunda orde?
4. Serías quen de dicirme cales son os tipos de frotas pesqueiras que existen en España?
5. Que significan as siglas ZEE? (no eido da actividade pesqueira)
6. Cales son as características básicas da frota artesanal?

7. Cal é o principal problema das empresas pesqueiras españolas? Que efectos negativos ocasionan?

8. Como denominarías ti ao acordo pesqueiro firmado por empresas de diferentes países polo cal un empresario aporta a licencia de pesca e outro a embarcación?

9. A que paisaxe agraria cre ti que lle corresponderían as seguintes características: poboación avellentada, minifundio no norte, nos secaños aparece a triloxía mediterránea (trigo, vide e oliveira) e nos regadíos as plantas forraxeiras, industriais, froiteiras e hortalizas?

10. Cita aproveitamentos do monte ademais da produción de madeira para construción, mobles, combustible ou pasta de papel.

11. É certo que a PAC supón un notable apoio para os campesiños europeos. Pero consideras ti que a aplicación da PAC tamén pode reporta efectos negativos? Se respostas afirmativamente, cita cales poden ser eses efectos negativos

12. Cita os principais tipos de cabanas gandeiras que existen e se explotan en España.

# RESPOSTAS

## EXERCICIO 1

| | GANDERÍA ANOS 50 | GANDERÍA ACTUAL |
|---|---|---|
| **CARÁCTER PREDOMINANTE INTENSIVO/ EXTENSIVO** | PREDOMINA O CARÁCTER EXTENSIVO | PREDOMINA O CARÁCTER INTENSIVO |
| **CABEZAS DE GANDO** | Nº DE CABEZAS ESCASO POR EXPLOTACIÓN | Nº DE CABEZAS CRECENTE POR EXPLOTACIÓN |
| **RAZAS** | PREDOMINAN RAZAS AUTÓCTONAS | PREDOMINAN RAZAS FORÁNEAS ADAPTADAS ÁS NECESIDADES |
| **TRANSHUMANCIA** | ACTIVIDADE MOI IMPORTANTE | ACTIVIDADE RESIDUAL |
| **DESENVOLVEMENTO TÉCNICO** | POUCO DESENVOLVEMENTO TÉCNICO | GRAN DESENVOLVEMENTO TÉCNICO |
| **INTEGRACIÓN COA AGRICULTURA** | É TOTAL, É UNHA ACTIVIDADE SECUNDARIA, APORTA TRABALLO, ABONOS… | ACTIVIDADE INDEPENDENTE |
| **APORTE Á PRODUCIÓN FINAL AGRARIA** | ESCASO | IMPORTANTE, RONDA O 40% |
| **MAN DE OBRA** | MOI ABUNDANTE | ANTE A MECANIZACIÓN CADA VEZ MÁIS REDUCIDA |

## EXERCICIO 2

1.-As explotacións están organizadas en **PARCELAS** que son **UNIDADES MÁIS PEQUENAS DE PRODUCIÓN** que poden ser **ABERTAS** ou **PECHADAS.**

2.-A propiedade é un **ELEMENTO XURÍDICO** que fai referencia **AO DONO DA TERRA**. Existen grandes contrastes entre os **LATIFUNDIOS** que son grandes propiedades rurais con máis de 100 ha. e os minifundios que **SON PEQUENAS PROPIEDADES**, de menos de 10 ha.

3.-O **RÉXIME DE TENZA** explica a relación que existe entre **PROPIEDADE** e **USO** da terra. Distinguimos dous tipos de tenzas: **DIRECTA**: as terras son traballadas polos propios donos ou por asalariados. **TENZA INDIRECTA** e aquela na que propietario e traballador coinciden. O primeiro cédelle ao segundo as terras a cambio **DUNHA PORCENTAXE** da colleita: **PARCEIRÍA** ou polo pago dunha **RENDA** determinada: **ARRENDAMENTO**

## EXERCICIO 3

1. Denomínase acuicultura á cría de especies animais, mariñas ou de auga doce, en catividade

2. As principais zonas acuícolas son Galicia, Andalucía e Canarias

3. Sirvan tres datos para clarificar esta afirmación:
- No ano 1987 a pesca aportaba 117700 empregos; hoxe 60900.
- A fins do anos 70 a frota española capturaba case 1,300.000 tn de peixes; hoxe 758000.
- Nos anos 70 existía uns 71.000 barcos de pesca (artesanal, altura e grande altura) e hoxe só 14.000.
- Nos 70 a pesca aportaba máis do 3% ao PIB, na actualidade só un 1%.

4. Frota de baixura ou artesanal, de altura e de grande altura

5. Significan Zona Económica Exclusiva Z.E.E: correspóndese coas augas que pertencen en exclusividade a un país

6. Pesca na proximidades da costa empregando barcos pequenos e pouco desenvolvidos tecnicamente.

7. O pequeno tamaño das empresas pesqueiras, sobre todo no caso da pesca artesanal, fainas pouco produtivas e competitivas.

8. Empresas mixtas

9. Espazo agrario de interior

10. Outras producións dos bosques son:
- Produción de cortiza: para rollas e illantes.
- Os montes tamén se poden aproveitar para a recolección de alimentos como as castañas, cogomelos, landras…
- Non se pode esquecer que o espacio forestal tamén se pode empregar para desenvolver as actividades turísticas e cinexéticas que amosan unha importancia crecente nas últimas datas.

11. Si, claro que ten efectos negativos:
- Os distintos Estados membros perden soberanía, perden capacidade decisoria no eido agrario.
- A PAC absorb unha boa parte do orzamento comunitario (recibe máis que do que aporta ao PIB comunitario).
- As axudas non se reparten de maneira homoxénea, favorecen máis aos grandes propietarios.
- As axudas da PAC supoñen unha competencia desleal para os produtos agrícolas do Terceiro Mundo que ao careceren de axudas, non poden producir a precios tan competitivos. Estamos a falar de proteccionismo comercial.

12. As principais cabanas son as de:
Gandería bovina.
Gandería caprina.
Gandería porcina.
Gandería avícola.